

Proxecto:	Parque eólico Suíme
Documentos:	Estudo de impacto ambiental. (Xullo 2021) e Proxecto de interese autonómico (Marzo 2020)
Localización:	Rodeiro (Pontevedra)
Promotor :	Greenalia Wind Power, S.L.U.
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra. Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A/2018/07
Data rexistro:	25.10.2021 (Estudo de impacto ambiental e Proxecto de interese autonómico) 01.03.2022 (Documentación complementaria) 22.09.2022 (Documentación adicional)
Expediente :	IA2923/2019 (Servizo de Arquitectura) e 03.I.544.2021.001 (Servizo de Arqueoloxía)

O 25.10.2021 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación no que, de acordo co artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e co artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira.

A tales efectos achéganse os enlaces para descargar os documentos de *Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Xullo 2021* e *Proxecto sectorial do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Marzo 2020*.

O 01.03.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da documentación complementaria achegada polo promotor en resposta ao requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 28.12.2022. Facílitate a ligazón para descargar o *Documento anexo ao estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Estudo de impacto visual*.

O 22.09.2022 ten entrada no rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación polo que se dá traslado da documentación adicional achegada polo promotor en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10.05.2022. Facílitate a ligazón para descargar o documento de *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Anexo á memoria técnica. Agosto 2022*

ANTECEDENTES:

En relación co proxecto de referencia, atópanse nesta Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes antecedentes:

- *Documento de inicio para sometemento a avaliación ambiental do parque eólico Suíme (Rodeiro, Pontevedra). Xaneiro 2018* dentro do trámite de consultas de avaliación ambiental ordinaria, informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 20.12.2019.
- *Estudo de Impacto Ambiental do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Xullo 2021 e Proxecto sectorial do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Marzo 2020*, informados pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural o 10.05.2022. No dito informe indicábase que era preciso eliminar os aeroxeradores A04 e A07, que se localizan a menos de 1 quilómetro da traza do Camiño de Santiago (Camiño de Inverno), debido a afección visual sobre a paisaxe, así como polo forte impacto visual e acústico que ocasionaban sobre o Pazo de Lamazares, pola escasa distancia á que se propoñían respecto deste elemento. Por outra banda, tamén se indicaba nese informe que había aspectos que había que completar, enmendar, corrixir e modificar:
 - *En relación co impacto sobre o patrimonio cultural, o EsIA debe completarse con planimetría cuxa definición permita identificar axeitadamente todos os elementos do patrimonio cultural recollidos no estudo de impacto arqueolóxico así como todos os presentes na poligonal e os seus contornos de protección, que deberán definirse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de*



maio, de patrimonio cultural de Galicia. Aportaranse planos de detalle a unha escala axeitada das zonas concretas obxecto de cautela arqueolóxica. Nomeadamente, deberán aparecer na planimetría, polo menos, os bens avaliados no EIPC e os elementos que conforman o conxunto de Augalevada, así como tamén se deben recoller na planimetría definitiva os valos ou peches que van a sufrir impacto crítico e que serán desmontados debido ás obras do parque.

- *En canto á planimetría do EIPC:*
 - *Deberá corrixirse a representación gráfica da Mámoa 3 de Lamazares para que as dimensións do ben sexan as correctas así como tamén se corrixirá a representación do contorno subsidiario do ben. Para a representación dos bens non se utilizarán tramas sólidas. Así, ou ben se representarán os bens con unha liña que marque o seu perímetro, ou ben utilizaranse transparencias que permitan visualizar os elementos da planimetría ou da cartografía que sexa utilizada como mapa base.*
 - *Dado que as fotografías e outros datos aparecen referenciadas aos PQ, estes deberán ser recoñecibles na planimetría achegada.*
- *Farase unha descrición actualizada dos bens de patrimonio arqueolóxico incluídos.*
- *Avaliaranse os efectos sinérxicos das infraestruturas respecto do patrimonio cultural.*
- *Deberase concretar se houbo máis áreas de implantación do parque que non puidesen ser revisadas en campo polas condicións da vexetación, a maiores da área onde se proxecta a plataforma do aeroxerador AE2.*
- *Deberán comprobarse en campo as anomalías detectadas nos mapas de altura de obxectos e outros recursos cartográficos dispoñibles en liña.*
- *Deberase unificar o sistema de referencia de coordenadas UTM, e, por tanto, corrixir as fichas e utilizar o datum ETRS89.*
- *Entre as medidas correctoras para os elementos do patrimonio cultural incluíranse as seguintes:*
 - *No replanteo das zonas afectadas polas obras, onde se detecte a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco, estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais que poidan verse afectados polas mesmas. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.*
 - *Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.*
- *Avaliarase o impacto que poidan xerar os accesos ao parque dende a rede de estradas xerais. A avaliación do impacto terá en conta o seguinte:*
 - *Consultaranse os catálogos das figuras dos planeamentos en vigor dos concellos afectados polo proxecto, os arquivos existentes na Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e o Plan básico autonómico de Galicia.*
 - *Delimitaranse os bens do patrimonio cultural e as súas áreas de protección, baseándose no traballo de campo, en planimetría de detalle, en fotografía aérea e, no seu caso, en cartografía catastral. Estas áreas deberán axustarse ao previsto na normativa urbanística vixente nos concellos afectados e subsidiariamente ao disposto no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016).*
 - *Presentarase planimetría na escala apropiada na que se definan claramente as características dos accesos do proxecto (tramos existentes a modificar e tramos de nova construción) e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Cómpre sinalar que se deberán respectar os contornos de protección dos elementos catalogados do patrimonio cultural quedando libres de obra nova. A avaliación do impacto do proxecto deberá contar cunha ficha individualizada de cada elemento na que se fará constar as especificacións técnicas e características construtivas da obra ou proxecto que ocasiona o impacto, cualificación do mesmo, a distancia entre as obras e os bens e proposta de medidas protectoras e correctoras.*

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Lexislación aplicable en relación co patrimonio cultural:



- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia (DOG núm. 20, do 01.02.2021)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126 do 04.07.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise dos documentos:

Estudo de impacto ambiental remitido o 25.10.2021

- Segundo este documento, o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico cunha potencia total de 30 MW, composto de 6 aerogeneradores cunha potencia unitaria nominal de 5 MW, 102,5 m de altura de buxa e 145 m de diámetro de rotor, e a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias do cableado, subestación transformadora 30/132 kV, edificio de control e instalacións auxiliares.
- Os viarios do parque están deseñados para transportar as máquinas e contemplan executar semianchos de 2,50 metros, cunetas de terra e noiros. Os radios de curvatura mínimos están por riba dos 30 metros. De acordo coa planimetría achegada en formato shp, estes vieiros chegan a acadar nalgún punto da súa traza un ancho total de arredor dos 16 metros. A lonxitude dos vieiros proxectados ascende a 7.367 metros, dos que 3.129 serán vieiros de nova execución e 4.238 vieiros existentes que cómpre acondicionar.
- No documento non se contempla a infraestrutura de evacuación do parque. Polo que se desprende da documentación achegada, a liña de evacuación precisará a redacción dun proxecto de construción de liña de alta tensión (LAT) a 123 KV. A documentación expón que ese proxecto está en fase de desenvolvemento de enxeñería, con previsión de entrega no segundo semestre do ano 2020. Porén, a liña de evacuación si vén incluída no anexo VI *Estudio de efectos sinérgicos*, no que se tratan os efectos acumulativos do parque eólico e as infraestruturas da contorna.
- Contémplase construír unha subestación que ocupará arredor de 1.200 metros cadrados e ao seu carón instalárase unha zona de acopio de materiais cunha superficie de 1.310 metros cadrados, sendo a ocupación total destas infraestruturas de 5.300 metros cadrados.
- As gabias de cableado do parque terán a unha lonxitude total de 6.843 metros.
- No documento ambiental valóranse dúas alternativas para o emprazamento dos aerogeneradores e accesos, sendo elixida a alternativa 2 para ambos casos, por provocar, segundo dos redactores, un menor número de restricións ambientais. Cómpre sinalar que a alternativa 1 coincide coa elixida no Documento de inicio. Ambas se diferencian no número, modelo e posición dos aerogeneradores e nos accesos.
- O acceso ao parque eólico, segundo a alternativa 2, está previsto desde Rodeiro pola estrada PO-212 (Rodeiro- Agolada), con saída no PQ 12,8, desde o que partirá unha pista de nova traza cara ao viario interior do parque.
- En relación co **patrimonio cultural**, o apartado 7 *Inventario*, punto 7.6.6 *Patrimonio cultural e etnográfico*, remite ao Estudo de impacto sobre bens culturais, que constitúe o anexo IX do documento.

No punto 7.6.7 *Camiño de Santiago* indícase que dentro da poligonal do proxecto, discorre o Camiño de Santiago, Camiño de Inverno, situándose o punto máis próximo a uns 800 m do aerogenerador AE7. Respecto ao Camiño de Santiago, tamén o punto 7.5 *Medio perceptíbel* indica



que, no tramo do Camiño de Inverno, entre A Feira e Camba, e tendo en conta a conca visual potencial do proxecto, poderían verse 1, 2, 3 ou 4 aeroxeradores, segundo os tramos.

O apartado 8 *Identificación e avaliación de impactos ambientais*, punto 8.3.3.1 *Afección a elementos do patrimonio cultural*, remite novamente ao anexo IX, detalla os impactos sobre bens patrimoniais nas distintas fases e considera o impacto global como negativo e significativo.

O apartado 9 *Medidas preventivas, protectoras e correctoras*, punto 9.11 *Medidas sobre o patrimonio cultural e etnográfico*, recolle as medidas de carácter xenérico e específico, que son as establecidas no antedito anexo.

- No anexo VI, dedicado aos efectos sinérxicos, non se fai unha análise destes sobre o patrimonio cultural. Dentro deste anexo hai referencias a algún dos xacementos arqueolóxicos presentes nas comarcas limítrofes, coma no Val de Camba ou A Ulloa, pero non se fai referencia aos xacementos situados dentro da poligonal do parque nin no perímetro de 200 metros da liña de evacuación. A análise dos efectos sinérxicos só se fai dende o punto de vista dos efectos sobre o turismo.
- Como **anexo IX** achégase o documento "*Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais. Marzo 2021*". Este documento inclúe o Informe-memoria técnica, asinada en xullo de 2021, polo arqueólogo Mario César Vila da empresa Horizontenorte. Segundo este documento foron identificados, no ámbito de estudo, un total de 12 elementos do patrimonio cultural: 5 de carácter arqueolóxico, 1 de carácter arquitectónico e 6 etnolóxicos. O documento presenta fichas individualizadas dos bens afectados, coa valoración do impacto sobre os bens localizados no buffer de 200 metros das obras e unha proposta de medidas protectoras e correctoras. Estes bens son os seguintes:

Código	Nome	Axente do impacto/Distancia	Impacto
GA3604716 1	Petróglifo 2 de Os Salgueiros	Vieiro principal do parque sitúase a 180 m ao W	Non se aprecia
GA3604714 5	Mámoa 1 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 198 m ao SE	Non se aprecia
GA3604714 6	Mámoa 2 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 159 m ao SE	Non se aprecia
GA3604711 0	Mámoa 3 dos Salgueiros-Augalevada	Vieiro principal do parque sitúase a 159 m ao SE	Non se aprecia
	Mámoa 3 de Lamazares	Vieiro principal do parque sitúase a 177 m ao E	Non se aprecia
E01, E03, E04, E09 e E12	Muros tradicionais en Negrelos, Bouzas Longas, Chousa Suime, Lamazares e Campos	Afectados directamente polos vieiros e emprazamento dos aeroxeradores	Severo
E07	Pazo de Lamazares	Eixo 05 a 66 m	Compatible
E08	Mina de agua de Lamazares	Eixo 05 a 0m	Severo

Como medidas correctoras de carácter xeral, propóñense no *estudo de impacto sobre os bens patrimoniais* as que se resumen a continuación:

- Situación dos elementos patrimoniais na cartografía das obras.
- Sinalización e balizamento, baixo a dirección de equipo arqueolóxico autorizado, destes bens patrimoniais, para impedir a súa destrución por movementos da maquinaria.
- Prohibición de actividades relacionadas coas obras nas zonas balizadas.
- Precaución estremada no tránsito de maquinaria e outras accións no entorno dos elementos.



- Información aos responsables de obra da localización dos elementos e medidas correctoras propostas.
- Seguimento e control arqueolóxico, dos traballos de roza, desmontes e remocións de terras, co obxectivo de detectar posibles achados, non localizados na prospección, para establecer, no seu caso, as medidas correctoras para a súa conservación.
- Paralización das obras, ante novo achados, sendo necesario establecer estratexias para a súa conservación.

Como medidas correctoras de carácter específico para os Muros de pedra en seco (identificados cos códigos E01, E03, E04, E09 e E12), fórmulanse as seguintes:

- Balizado do límite externo de obra.
- Documentación exhaustiva das estruturas.
- Control e seguimento arqueolóxico.
- Nas zonas con muros non afectadas polas obras evitárase a afección sobre eles, a fin de manter a conservación de ditos elementos.

Como medidas correctoras de carácter específico para a Mina de auga de Lamazares (E08), cítanse as seguintes:

- Desprazamento do viario Eixo 05, de xeito que o elemento non resulte afectado.
- Balizado do elemento e do límite externo de obra.
- Control e seguimento arqueolóxico.

Respecto do Pazo de Lamazares (E07), non se establecen medidas correctoras específicas.

Documentación complementaria remitida o 01.03.2022

- Como documentación complementaria ao EIA, a requirimento da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, achégase o documento nomeado "*Documento anexo ao estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Estudo de impacto visual*", no que se inclúen recreacións infográficas da afección visual, desde varios puntos do Camiño de Santiago e desde o Pazo de Lamazares.

Documentación adicional remitida o 22.09.2022

- Como documentación adicional ao EIA, en resposta ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10.05.2022, achégase a *Prospección arqueolóxica para o estudo de impacto sobre bens culturais do parque eólico Suíme no termo municipal de Rodeiro (Pontevedra). Anexo á memoria técnica. Agosto 2022* (en adiante Anexo á memoria técnica), no que se detallan as modificacións introducidas no proxecto. Estas modificacións consisten en:
 - Elimínanse os aeroxeradores AE4 e AE7 e fórmulase unha nova posición para o AE5 que conta tamén con un novo viero de acceso, pola zona norte do parque.
 - Os aeroxeradores substitúense por un modelo de maior altura que acada os 115 metros de altura de buxa e un maior diámetro de rotor.
 - Preséntase a nova planta do parque eólico, que agora pasa a ter un total de catro aeroxeradores. A subestación, a zona de acopio e os aeroxeradores AE1, AE2 e AE3 manteñen a súa posición respecto á anterior proposta.
 - Modificación do acceso a AE1, AE2 e AE3 dende a estrada PO-212, na súa parte inicial.
 - Por último cómpre indicar que se reduce a superficie da poligonal. A planta proposta (Plano 1.2) non inclúe todas as obras de nova execución, xa que aproximadamente medio quilómetro de viero de acceso a AE1, AE2, e AE3 quedaría fóra desa delimitación.
- Polo que se desprende da documentación, realízase a prospección intensiva do buffer de 200 metros contados dende o límite exterior do AE5, o seu viario de acceso e o espazo entre o AE5 e o AE1. Asemade revísanse unha serie de puntos, que foran detectados mediante a análise dos mapas de altura de obxectos e os recursos LiDAR. O resultado destas revisións non evidenciou a presenza de xacementos arqueolóxicos. Porén, indícase que a contorna da proposta de localización do AE5 é unha zona na que existen numerosos afloramentos graníticos e que está cuberta por unha densa vexetación arbustiva. Polo tanto, no que respecta ás afeccións



producidas polos cambios realizados, no novo emprazamento do aeroxerador A05, segundo dos redactores, non se identificaron indicios da existencia de xacementos, aínda que a traza do vieiro atravesará parcelas pechadas por valados construídos coa técnica tradicional de pedra seca, identificados xa inicialmente como muros en Suíme (E04).

- Achegase unha táboa con algúns dos elementos identificados na poligonal do parque e que serían os que seguen:

CÓDIGO	NOME	DISTANCIA	IMPACTO
E1	Muros en Negrelos.	0 metros	Severo
GA36047161	Petróglifo 2 de Os Salgueiros	190 metros	Sen Impacto
E3	Muros en Bouzas Longas	0 metros	Severo
E4	Muros en Chousa Suíme	0 metros	Severo
GA36047145	Mámoa 1 de Lamazares	439 metros	Sen Impacto
GA36047146	Mámoa 2 de Lamazares	415 metros	Sen Impacto
E7	Pazo de Lamazares	446 metros	Sen Impacto
E8	Mina de auga de Lamazares	454 metros	Sen Impacto
E9	Muros en Lamazares	450 metros	Sen Impacto
GA36047110	Mámoa (?) dos Salgueiros Augalevada	755 metros	Sen Impacto
GA36047182	Mámoa 3 de Lamazares	220 metros	Sen Impacto
E11	Muros en Campos	0 metros	Severo

- Achéganse as fichas individualizadas de varios elementos, dos que algún deles xa fora recollido no EIPC. Actualízase a información de varios dos bens do patrimonio cultural, en aspectos que concirnen aos impactos, ás medidas correctoras e á distancia entre os bens e as obras, derivados das modificacións propostas. Algúns aspectos de interese que recollen estas fichas son os seguintes:
 - Petróglifo 2 de Os Salgueiros: apórtase información sobre o seu estado actual.
 - Muros en Bouzas Longas: non hai diferenza respecto ó xa indicado no EIPC.
 - Muros en Chousa Suíme: non hai diferenza respecto ó xa indicado no EIPC.
 - Mámoa 1 de Lamazares: indícase que o xacemento está inaccesible.
 - Mámoa 2 de Lamazares. Indícase que o xacemento está inaccesible.
 - Pazo de Lamazares: cambia a distancia respecto das obras e por iso xa considérase que as obras xa non xeran impacto sobre o ben.
 - Mina de auga de Lamazares: cambia a distancia respecto das obras e por elo considérase que as obras xa non xeran impacto sobre o ben.
 - Muros en Lamazares: cambia a distancia respecto das obras e por elo xa considérase que as obras xa non xeran impacto sobre o ben.
 - Mámoa dos Salgueiros Augalevada, aparece como elemento número E10 e código GA36047110: non foi localizada durante as tarefas de prospección. Porén, na ficha achéganse unhas coordenadas erróneas, xa que as aportadas corresponderíanse coa mámoa 2 de Lamazares.
 - Mámoa 3 de Lamazares, as coordenadas indicadas na ficha, así como as aportadas polo director da prospección arqueolóxica na ficha normativizada non se corresponden coa localización sinalada na cartografía que acompaña ó documento Anexo a memoria (plano 2 e follas de detalle).
 - Muros en Campos. Non hai diferenza respecto ó xa indicado no EIPC.
- No apartado da cartografía achéganse varios planos e follas de detalle a distintas escalas de representación.



- Plano 1.1. representa a escala 1:30.000 a planta da poligonal (sen as obras).
- Plano 1.2. representa a escala 1:14.707 a planta da poligonal (sen as obras).
- Plano 2 (folla 1 de 1): neste plano represéntanse as obras da nova proposta a escala 1:10.000.
- Plano 3 (follas 1 de 4, folia 3 de 5). consiste en follas de detalle do plano 2.
- Plano 4 (folla 2 de 4.3 de 4 e 4 de 4) consiste en follas de detalle do plano 2.
- Como conclusión do documento propóñense unha serie de medidas correctoras e que son as seguintes :
 - Situación en cartografía de obra dos elementos.
 - Información aos responsables e persoal durante a execución dos traballos.
 - Balizamento do límite externo de obra.
 - Documentación exhaustiva das estruturas e nas zonas con muros non afectadas polas obras evitárase a afección sobre os muros, a fin de manter a conservación dos devanditos elementos
 - Control e seguimento arqueolóxico.

Proxecto sectorial remitido o 25.10.2021

- O proxecto de interese autonómico redáctase co fin de ordenar, desde o punto de vista urbanístico e territorial, os terreos afectados pola implantación da infraestrutura do parque eólico Suime.
- O apartado 3.5 do documento, titulado *Protecciones culturales*, recolle que o proxecto de parque eólico deberá contar con unha avaliación de impacto cultural e un programa de actuacións arqueolóxicas compatible co plan de obra de cara a protexer e conservar os xacementos arqueolóxicos.
- O apartado 10.2 dedícase a identificar a cualificación do solo sobre o que se implantará o parque. Fanse unhas valoracións en base á lexislación vixente, e caracteriza os terreos sobre os que se implantará o parque como solo non urbanizable común ou solo rústico. Establécense varias subcategorías, como son o solo rústico de protección forestal e o solo rústico de protección agropecuaria. Non se contempla o solo rústico de protección de patrimonio cultural, aínda que nos planos de clasificación urbanística si se recolle.
- Como anexo 5 do proxecto sectorial, inclúese a memoria do Estudo de impacto ambiental (EIA), onde se recollen as táboas cos elementos patrimoniais, valoración de impacto e medidas correctoras, resultado dos traballos da prospección arqueolóxica incluída no anexo IX do EIA.
- Os planos de ordenación referidos ao planeamento urbanístico e ao Plan Básico Autonómico (PBA) non contemplan a totalidade de bens de patrimonio cultural recollidos no EIPC.

Unha vez analizado o documento pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como o planeamento municipal, o Plan básico autonómico e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, compróbase que dentro da poligonal do parque eólico existen bens do patrimonio cultural que son identificados na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural (Memoria EIPC e Anexo a memoria), e valorado o seu impacto, establecendo as correspondentes medidas correctoras.

O ámbito de estudo que se somete a trámite ambiental é a poligonal do parque e tanto o inventario ambiental como a cartografía deben reflectir todos os bens integrantes do patrimonio cultural localizados dentro da poligonal e dos que se teña constancia da súa existencia.

- O deseño do parque eólico reflectido na documentación adicional remitida o 22.09.2022 foi modificado respecto do que figuraba no estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial para axustarse ao requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10.05.2022, no senso de eliminar os 2 aeroxeradores máis próximos ao Camiño de inverno e ao Pazo de Lamazares. Esta modificación supuxo modificar as características dos aeroxeradores, incrementando a súa altura total (de 175 a 200 m).
- No deseño modificado, no que se eliminan as máquinas A04 e A07, o aeroxerador máis próximo ao camiño pasará de estar a 820 m a 1.250 m da traza do Camiño de inverno e respecto do Pazo



de Lamazares pasará de estar a 470 m a 750 m, diminuindo a afección visual producida sobre os bens de xeito significativo.

- Asemade, con esta modificación o impacto severo sobre a Mina de auga de Lamazares (E08) e sobre os Muros en Lamazares (E09) elimínase ao suprimirse o vial de acceso ao aeroxerador A07. Os impactos severos sobre o resto dos muros identificados en Negrelos, en Bouzas Longas, en Chousa Suíme e en Campos (E01, E03, E04 e E12) mantense e mantense as medidas correctoras propostas.
- Respecto ao patrimonio arqueolóxico, actualizáronse os datos das fichas recollidas no anexo á memoria, dun total de catro elementos. Porén, esta actualización non se realizou da totalidade dos bens. Neste sentido cómpre indicar que as obras propostas do vieiro de acceso do parque eólico se desenvolven no lindeiro do contorno de protección do conxunto de Salgueiros-Augalevada e que os datos respecto ós xacementos arqueolóxicos contidos dentro deste contorno de protección non foron actualizados para a totalidade dos elementos, tal e como fóra requerido no informe de data 10.05.2022.
- Os movementos de terras previstos para a execución das obras do parque, concretamente as obras de execución do vieiro principal, desenvólvense no límite do contorno de protección do conxunto de Salgueiros-Augalevada. Respecto deste conxunto de bens cómpre destacar que se configura como un espazo de alta potencialidade arqueolóxica e que o contorno de protección grafado no PXOM acolle a todo un conxunto de bens. A escolla de grafar xuntos a estes elementos está en coherencia co feito de que conforman unha unidade xa que as infraestruturas do parque son limítrofes ao contorno de protección deste conxunto.
- Hai que dicir que estamos ante un espazo de alta potencialidade arqueolóxica, caracterizado pola presenza de dúas necrópoles tumulares que poderían estar en relación con dous petróglifos e un xacemento habitacional, e que teñen preto as obras proxectadas do vieiro principal do parque no límite noroeste do contorno de protección. 130 metros. Existen numerosos exemplos dentro da práctica arqueolóxica recente nos que é habitual a aparición de elementos arqueolóxicos na contorna dos contextos neolíticos. Poden tratarse de elementos vinculados á propia construción dos monumentos funerarios, coma os aparecidos no Dolmen de Dombate (GA15014004), ou tamén poboados con fondos de cabanas de cronoloxía prehistórica, realizados con materiais perecedoiros (xacementos como o da Pataqueira -GA27040134-, Valouco -GA15093099-, ou A Piolla -GA15004060-)

Como xa se indicou no informe de data 10.05.2022, na zona na que se propón construír o parque, atopamos exemplos da aparición de xacementos de época prehistórica na contorna de necrópoles neolíticas durante as tarefas de control e seguimento de varias instalacións agrogandeiras.

- En canto a cartografía xeral e detalle que acompaña ao anexo á memoria pódese considerar que:
- O plano 1.1 Representa a escala 1:30.000 a planta da poligonal (sen as obras) con varios xacementos arqueolóxicos no seu interior e outros localizados nunha contorna indeterminada. Tamén aparece grafado o Camiño de Santiago de Inverno pero non o Pazo nin a Fonte de Lamazares. Neste plano non se grafan os contornos de protección nin se inclúen os seguintes xacementos:
 - Mámoa 3 de Lamazares (inérita).
 - Mámoa 1 de Salgueiros-Augalevada.
 - Mámoa 5 de Salgueiros-Augalevada.
 - O xacemento Os Chousiños-As Cortiñas-Lamedosa GA36047030 aparece localizado fóra da poligonal.
- O plano 1.2. Representa a escala 1:14.707 a planta da poligonal (sen as obras), con varios xacementos arqueolóxicos no seu interior e outros localizados nunha contorna indeterminada. Tamén aparece grafado o Camiño de Santiago de Inverno, pero non o Pazo nin a Fonte de Lamazares. Neste plano non se grafan os contornos de protección nin se inclúen varios xacementos:
 - Mámoa 3 de Lamazares.
 - Mámoa 4 de Salgueiros-Augalevada



- O xacemento Os Chousiños-As Cortiñas-Lamedosa GA36047030 aparece localizado fóra da poligonal.
- O plano 2 (folla 1 de 1): neste plano represéntanse as obras da nova proposta a escala 1:10.000 sen detallar os axentes de obra como poden ser noiros, terrapléns, drenaxes etc... que están representados só de forma esquemática mediante liñas.
 - Neste plano non aparece representada a poligonal do parque eólico.
 - A localización da Mámoa 3 de Lamazares non se corresponde coas coordenadas aportadas polo director da prospección na ficha normativizada que consta neste Servizo de arqueoloxía.
 - Non aparece representado o contorno de protección da Mámoa 3 de Salgueiros Augalevada, que segundo se desprende da planimetría localízase fóra do contorno delimitado para o conxunto de Salgueiros-Augalevada.
 - O xacemento Os Chousiños-As Cortiñas-Lamedosa GA36047030 aparece repetido. Unha das localizacións do mesmo está no interior da poligonal e a outra atópase fóra do ámbito de estudo e localizado a un quilómetro e medio ó noroeste da poligonal.
 - Non se sinala a localización exacta dos muros que van a ser desmontados.
- O plano 3 (Follas 1 de 4, folia 3 de 5). consiste en follas de detalle do plano 2 a escala 1:5.000. Os axentes de obra aparecen reflectidos de xeito esquemático e sen detallar. Contén a mesma información e os mesmos erros que o plano 2.
- O plano 4 (Folia 2 de 4, 3 de 4 e 4 de 4) consiste en follas de detalle do plano 2 a escala 1:2.500. Contén a mesma información e os mesmos erros que o plano 2.
- Segundo se infire da documentación achegada, algunhas zonas están cubertas dunha mesta vexetación (contorna de AE5), aspecto que puido condicionar o traballo de campo por ser zonas de difícil acceso e revisión dadas estas condicións. Durante unha visita a campo realizada polos servizos técnicos do Servizo de Arqueoloxía na zona das obras, constatouse que as plataformas dos aeroxeradores AE2 e AE3 así como o vieiro de nova execución que comunica estes dous aeroxeradores, localízanse en zonas onde medra unha vexetación moi tupida. A vexetación tamén ocultaba parcialmente tanto a a Plataforma do AE1 coma a superficie do buffer de 200 metros das obras.
- Por outra parte, e como se indicou no devandito informe do 10.05.2022, non se concreta o acceso ao parque eólico fóra da poligonal, desde a rede de estradas xerais, nin as actuacións que será necesario realizar para acondicionar ese acceso, polo que non se pode valorar se existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados polas actuacións necesarias para adecuar os accesos na fase de obras (rectificación de curvas, sobreanchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc...).

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado no apartado anterior, e desde o punto de vista da protección do patrimonio cultural, propónse informar de xeito **favorable** o deseño do parque eólico reflectido na documentación adicional (Anexo á Memoria técnica) remitida o 22.09.2022, que introduce os cambios solicitados respecto ao deseño reflectido no *Estudo de Impacto Ambiental* e no *Proxecto sectorial*, co cumprimento das medidas correctoras, xerais e específicas, establecidas na avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural, que constitúe o Anexo IX do EIA e no se Anexo á memoria técnica debéndose, sempre que se complete a documentación nos seguintes aspectos e se teñan en conta as seguintes medidas:

- En relación co impacto sobre o patrimonio cultural, o EIA debe completarse con planimetría cuxa definición permita identificar axeitadamente todos os elementos do patrimonio cultural recollidos no estudo de impacto arqueolóxico así como todos os presentes na poligonal e os seus contornos de protección, que deberán definirse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. A cartografía que acompaña ao anexo á memoria contén erros, carece do nivel de detalle para valorar a incidencia das obras e é preciso corrixir a información grafada nos seguintes aspectos:



- Aportaranse planos de detalle a unha escala axeitada das zonas concretas obxecto de cautela arqueolóxica, no que se concreten os detalles das obras e a súa relación coas ditas áreas.
 - Deberán aparecer na planimetría, polo menos, os bens avaliados no EIPC e todos os elementos que conforman o conxunto de Salgueiros-Augalevada, así como tamén se deben recoller na planimetría definitiva os valos ou peches van a sufrir impacto crítico e que serán desmontados debido ás obras do parque.
 - Deberase corrixir a localización da mámoa 3 de Lamazares e deberá figurar na totalidade dos planos achegados.
 - Se os bens existentes se atopan actualmente desaparecidos, este aspecto tamén tamén deberá constar nesta planimetría.
- Farase unha descrición actualizada dos bens de patrimonio arqueolóxico incluídos. Polo menos, deberase dar conta do estado actual dos bens integrantes do conxunto de Salgueiros-Augalevada, coa localización actualizada e en coordenadas UTM ETRS89 (fuso29N) e de ser o caso, corrixiranse as coordenadas da mámoa 10 de Salgueiros. No caso de existir cambios significativos nos bens, como poden ser a desaparición do elemento ou calquera eventualidade reseñable, farase entrega da nova ficha normativizada dos bens, ou de ser o caso realizárase, unha proposta de descatalogación.
 - Con carácter previo ao inicio das obras deberá presentarse unha avaliación do impacto sobre o patrimonio cultural dos accesos ao parque eólico, na que se concrete o itinerario de acceso desde a rede de estradas xerais e se detallen as actuacións necesarias para facilitar o paso do transporte especial (podas, talas, rectificación de curvas, modificacións no firme, cunetas, etc.). Identifícaranse os bens do patrimonio cultural que puideran verse afectados, tanto nos núcleos polos que se atravesase como no resto do trazado ata chegar aos aeroxeradores (hórreos, cruceiros, valados de pedra, muros de peche tradicionais, antigos camiños e corredoiras, carballeiras, pontes, pontellas, muíños e outras construcións etnográficas) e valorárase a posible afección aos elementos e os seus contornos, establecendo as medidas protectoras e correctoras necesarias para a súa salvagarda.
 - Con carácter previo ao inicio das obras, realizárase a roza, baixo control arqueolóxico, das áreas que están cubertas pola vexetación, para descartar ou confirmar a presenza de bens arqueolóxicos e para establecer as medidas protectoras e correctoras axeitadas. Estas zonas comprenderían as plataformas dos catro aeroxeradores e o vieiro de nova construción entre os aeroxeradores AE2 e AE3.
 - Unha vez autorizado o proxecto de execución do parque eólico, os traballos de construción realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). O proxecto incorporará as medidas correctoras recollidas no EIPC e .
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas, que deberá ser continuo e presencial no contorno de protección dos bens arqueolóxicos que podan aparecer durante o transcurso das obras.
 - Realízase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren. No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primárase a conservación dos mesmos.
 - Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural quedarán libres de obra nova relacionada co parque eólico.
 - As obras que se desenvolven no límite do contorno de protección do conxunto de Salgueiros-Augalevada (vieiro a transformar) deberán desenvolverse de xeito preferente na marxe oposta do vieiro. Neste tramo de vieiro que coincide co límite do contorno de protección deberá facerse un especial fincapé no momento no que se realicen os movementos de terras, pola posible aparición de restos arqueolóxicos.



- No replanteo das zonas afectadas polas obras, onde se detecte a existencia de valados tradicionais feitos coa técnica de pedra en seco, estará presente o arqueólogo que leve a cabo o control e seguimento, para identificar axeitadamente os tramos de muros tradicionais que poidan verse afectados polas mesmas. En todo caso, procurarase axustar as obras no replanteo para que as afeccións sexan as mínimas.
- Tamén baixo control arqueolóxico desmontaranse os tramos de muros onde sexa preciso, e durante as labores de restauración ambiental, procederase á reintegración e remate axeitado dos tramos de muro que resulten afectados durante as obras.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.
- Avaliaranse os efectos sinérxicos das infraestruturas respecto do patrimonio cultural.

Respecto ao proxecto sectorial,

- Deberanse incorporar as modificacións do parque eólico reflectidas na documentación remitida o 22.09.2022. O documento Proxecto Sectorial terá a debida correspondencia coas modificacións que se introduzan no ESI.
- Deberase contemplar na planimetría e no texto todos os bens de patrimonio cultural presentes na poligonal do parque eólico, así como os seus contornos de protección.
- Na planimetría de clasificación urbanística proposta incluírase e grafáranse os novos elementos patrimoniais recollidos no EIPC (Pazo de Lamazares e mámoa 3 de Lamazares) así coma os seus contorno de protección. Á espera das delimitacións de protección específicas, os contornos de protección definíranse de acordo co art. 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Así mesmo, establecerase a clasificación de solo rústico de protección patrimonial no seu contorno de protección.
- O Concello de Rodeiro deberá integrar os novos bens patrimoniais no seu catálogo urbanístico de protección e na súa planimetría de ordenación.
- Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Cultural
M^a Carmen Martínez Ínsua

SERVIZO DE ENERXÍA E MINAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA VICEPRESIDENCIA
PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

